

Sócrates e os sofistas

UNIDADE 2

Início da filosofia (s.VI a.C.). Os presocráticos.



S.V a.C. Atenas. Época clásica.



Eventos históricos. As guerras *médicas*.

492 a.C. Revolta dos *xonios*



1ª Guerra médica
(victoria en Maratón)

480 a.C. 2ª Guerra médica



Boa parte de Grecia é destruída

Victorias en:


- Salamina
- Platea (479 a.C.)



Fin da guerra



Atenas e Esparta grandes “triunfadoras”



Eventos históricos. *A liga helénica* ou *liga de Delos*

- Era unha especie de *O.T.A.N.* á grega.
- O tesouro estaba, inicialmente en Delos (cidade - santuario), máis tarde Pericles o trasladou a Atenas por motivos de «seguridade».
- Pericles xunto con Aspasia e cos cartos da liga levarán a democracia ateniense a súa época dourada.
- A riqueza ateniense + destrución de boa parte de Grecia → moitos pensadores non - atenienses se dirixirán cara Atenas para gañarse a vida: os chamados **sofistas**.




Sabio, sofista, filósofo.

Sabio

VII - VI a.C.

Ágrafos

Non crean
escolas




Filósofo

VI a.C.

Sí escriben

Sí crean
escolas




Sofista

V a.C.

Sí escriben

Non crean
escolas (son
“autónomos”)



Corrección Protágoras.

Eu, efectivamente, digo que a verdade é como o teño escrito: **cada un de nós é, en efecto, medida do que é e do que non é**. Pero entre unhas e outras persoas hai unha enorme diferenza precisamente nisto, en que, para uns son e aparecen unhas cousas e, para outros, outras diferentes. E estou moi lonxe de dicir que non exista a sabedoría nin un home sabio; ao contrario, emprego a palabra «sabio» para designar ao que pode efectuar un cambio nalgún de nós, de tal maneira, que en lugar de parecelo e ser para el o malo, parézalle e sexa o bo. Pero non vaias aterche á forma puramente verbal do meu razoamento e decátache do que digo. A continuación, vou explicar con maior claridade. Lembra, por exemplo, o que se dicía anteriormente, que á persoa que está enferma o que come parécelle amargo e é amargo para ela, mentres que á persoa que está sa parécelle o contrario e así é para ela. Pois ben, **non é necesario nin é posible atribuír maior sabedoría a unha que a outra, nin hai que acusar ao enfermo de ignorancia polas opinións que ten, como tampouco pode dicirse do que está san que sexa sabio por opinar doutra forma**. Pero hai que efectuar un cambio cara a unha situación distinta, porque unha disposición é mellor que a outra. Isto é o que ocorre tamén na educación, onde o cambio debe producirse dunha disposición á outra que é mellor. Agora ben, mentres que o médico produce este cambio con drogas, o sofista faio por medio de **discursos**.

Non hai, efectivamente, quen poida lograr que alguén que ten opinións falsas, téñaas posteriormente verdadeiras, pois nin é posible opinar sobre o que non é, nin ter outras opinións que as que se refiren ao que un experimenta, e estas son sempre verdadeiras. [...] **Pois o que a cada unha cidade parécelle xusto e recto, o é, en efecto, para ela, en tanto o xulgue así**.

Pola mesma razón o sofista que é capaz de **ensinar** desta maneira aos seus alumnos é tan sabio como digno de recibir bos honorarios por parte dos que ensinou. Así é como uns son máis sabios que outros, a pesar de que ningún deles ten opinións falsas. Ti, queiras ou non, non tes máis remedio que aceptar que es medida, pois con estas consideracións a miña doutrina queda a salvo”.

Época clásica. Particularidades de Atenas. Os sofistas.

• O sistema legal:

- Non existían xuíces profesionais, senón que eran un grupo de persoas escollidas (*eileia*) de boa reputación aínda que sensibles a manipulación oratoria e retórica.
- O éxito ou no fracaso nun pleito dependía da habilidade retórica e oratoria do acusado / acusador.

Os sofistas

Escriben discursos acusación / defensa



A Democracia

O éxito / fracaso dos políticos, baseábase en **convencer aos cidadáns** a través da **oratoria e a retórica**. Os mozos nobles atenienses deben ser hábiles nestas disciplinas para **triunfar na política**.

Ensinan oratoria e retórica aos mozos de familias nobles



Época clásica. Características dos sofistas

- Relativismo (ético e epistemolóxico)
- Escepticismo epistemolóxico
- Agnosticismo
- As súas posturas radicais sobre a moral levan a unha reflexión racional
- Foron estigmatizados na filosofía ata o século XIX.

Verosimilitude > Veracidade

Nace a ética

Protágoras de Abdera
Gorgias de Leontini
Antifonte
Cratilo
Hipias
Critias
Calicles
Trasímaco
Pródico de Ceo

“Nada existe; se algo existise, non o poderíamos coñecer; e se o puidésemos coñecer, non o poderíamos comunicar” (Gorgias)

Época clásica. Características dos sofistas

Ética sofista

```
graph LR; A[Ética sofista] --> B[Physis: Leis universais e permanentes. As máis importantes]; A --> C[Nomos: Leis non universais. Creadas polos seres humanos según os seus intereses. As veces van contra a natureza (physis)];
```

Physis: Leis universais e permanentes. As máis importantes

Nomos: Leis non universais. Creadas polos seres humanos según os seus intereses
As veces van contra a natureza (*physis*)

“O home é a medida de todas as cousas” (Protágoras)

Época clásica. Características dos sofistas

Exemplo: Calicles

Physis: Lei do máis forte

CONTRADICCIÓN


Nomos: Igualdade xurídica. Castigo o abuso e a agresión

Se deben cumprir?

Convencionalismo ético e xurídico

Época clásica. Sócrates (470 a.C. - 399 a.C.)

- Fillo dun escultor e dunha partera.
- Iniciador da dialéctica
- Ágrafo → Diálogos platónicos.
- Mestre de:
 - Platón, Aristipo e outros.
- Cobraba «a vontade», a diferenza dos sofistas que podían cobrar grandes sumas de cartos.
- Acusado e condeado a morte por:
 - “Introducir novos deuses e impiedade”
 - Corromper a xuventude → Crítico coa democracia




“Eu só sei que non sei nada” (Sócrates)

Época clásica. Sócrates (470 a.C. - 399 a.C.)

- Rexeita a postura sofista → Destrucción da sociedade
- Universalista ético e epistemolóxico. → Necesidade de definición: xustiza, ben, etc.
- Usa o diálogo como medio de busca da verdade → Nacemento da dialéctica
- Innatista → Mayéutica
- Cre no corpo e alma como entes separados → Dualismo

“O importante non é vivir, senón vivir correctamente” (Sócrates)



Época clásica. Sócrates (470 a.C. - 399 a.C.)

- As **leis** son **necesarias** e **deben cumprise** (o contrario: destrucción da sociedade).
- A **virtude** (*areté*)
 - Def: A finalidade (*telos*) / propiedade que cumplen mellor.
 - Todos os seres vivos / obxectos posúen a súa propia virtude → Sabedoría (ser humano) → Capacidade racional de **distinguir o ben do mal**
 - A alma non está serena cando ignora a virtude e é feliz cando a coñece.



Coñecemento → Felicidade


Intelectualismo ético

“Só existe un ben: o coñecemento, e só un mal: a ignorancia” (Sócrates)

Época clássica. Resumo


Sofistas

Relativismo e
escepticismo
Convencionalismo
ético e xurídico



Sócrates

Universalismo e
innatismo
Intelectualismo ético
Necesidade de existencia
e cumprimento das leis



Recursos

- <https://hablaconlahistoria.es/personajes/socrate/s/>
- <https://www.webdianoia.com/>
- <https://www.cerebriti.com/juegos-de-filosof%C3%ADa/tag/mas-recientes/>
- <https://www.youtube.com/watch?v=qixfEOavcqE>
- <https://www.amazon.es/Gran-historia-visual-filosof%C3%ADa-ilustraciones/dp/8417552766>

